

SAL. 008656 14.09.12 10:09

RESOLUCIÓN REITORAL DO 12/09/2012 POLA QUE SE ESTABLECEN EXCEPCIÓNS A APLICABILIDADE DO ARTIGO 6.2 DAS NORMAS DE PERMANENCIA PARA O CURSO 2012-13

A *Normativa sobre permanencia nas titulacións de grao e máster* establece que o alumnado deberá matricularse obrigatoriamente das materias pendentes dos cursos anteriores, agás o disposto no artigo 9.9 do Regulamento de intercambios da USC, e que en ningún caso poderá facelo do último curso con materias pendentes de primeiro curso, agás situacións excepcionais debidamente autorizadas.

Tendo en conta que este curso académico é o primeiro en aplicar esta normativa, a USC pretende ser flexible na súa aplicación, dado que os alumnos non programaron os seus estudos en función da normativa que se acaba de aprobar .

Neste senso, e tendo en conta que o propio artigo permite excepcións á aplicación da imposibilidade de matrícula no último curso con materias de primeiro, e á vista das solicitudes recibidas sobre o particular, procede, de xeito excepcional e para este curso, permitir en determinadas circunstancias a matrícula no último curso con materias pendentes de superar no primeiro curso.

Por todo o anterior, este Reitorado Resolveu:

PRIMEIRO.- EXCEPCIONS AO IMPEDIMENTO DA MATRICULA EN NO ÚLTIMO CURSO DE GRAO

Para o curso 2012-13 o alumnado que teña pendente unha materia de primeiro curso, poderá formalizar matrícula do último curso de Grao cando se atope nalguna destas circunstancias:

- 1.- cando no curso 2011-12 xa estivese matriculado en materias de último curso de grao.
- 2.- cando como consecuencia de adaptación, recoñecemento, validación ou equivalente, lle resten por superar materias de primeiro curso.
- 3.- cando teña pendente soamente unha única materia de primeiro
- 4.- cando lle resten menos de 30 ECTS -ou o número enteiro máis próximo para unha materia completa- computados entre materias de primeiro, ou de primeiro e de cursos precedentes ao último curso de Grao.

No caso de ter pendentes máis de 30 ECTS computados da forma prevista no apartado anterior, non poderán matricularse en ningunha materias do último curso de Grao.

SEGUNDO.- ALUMNOS DE INTERCAMBIO

Estas excepcións xunto co establecido no Regulamento de Intercambios e na Instrución da Secretaría Xeral 6/2012, serán as únicas aplicables para a matrícula dos alumnos de intercambio. O alumnado que non cumpra con estes requisitos de matrícula deberá proceder á modificación do compromiso de estudos, previo á matriculación.

TERCEIRO.- MODIFICACIÓN DA MATRICULA

O alumnado que reúna estes requisitos poderá formalizar a matrícula de xeito presencial na Unidade de Xestión Académica correspondente, ou de xeito telemático no prazo de modificación de matrícula, do 26 de setembro ao 10 de outubro de 2012.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.

Queda sen efecto, no que se opoña, a Instrución de Secretaría Xeral nº 8/2012, sobre aplicación das normas de permanencia no curso 2012-13 e cantas outras disposicións que se opoñan a presente Resolución.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2012

O Reitor



Juan J. Casares Long